

Galicia lidera un proxecto europeo no que participan cinco países para abordar o problema demográfico



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, saudou os participantes desta iniciativa que ten por obxectivo o intercambio de experiencias e prácticas na loita contra o problema demográfico e o desequilibrio territorial
- ▶ Por parte da Xunta tamén se están a levar a cabo varias iniciativas neste eido, como o Plan de dinamización demográfica, que aprobou o Parlamento de Galicia no pasado mes de abril, e que recolle 70 medidas específicas para intentar fomentar a natalidade e frear o descenso de poboación que sofre Galicia
- ▶ Nesta xornada deuse a coñecer tamén a Rede Eusumo, unha rede de asesoramento en economía social, cuxo obxectivo fundamental é axudar á creación de novas cooperativas.

As convocatorias de certificados de profesionalidade de traballo permiten a 2.600 galegos acreditar a súa experiencia laboral

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu en Santiago a entrega das acreditacións oficiais de atención sociosanitaria e confección e mantemento de artes e aparellos
- ▶ A titular do departamento autonómico destacou que "Galicia atópase á cabeza da formación certificable entre todas as autonomías".

Traballo destina preto de 4 millóns de euros para a contratación de ata o terceiro traballador por parte dos autónomos

- ▶ A orde, publicada no DOG, incentivará por primeira vez a contratación do segundo e terceiro traballador por parte dun autónomo, fronte á anterior convocatoria que só financiaba a contratación do primeiro empregado durante o primeiro ano
- ▶ As contratacións indefinidas realizadas de acordo co establecido nesta orde incentivaranse cunha axuda entre 4.000 e 6.000 euros no primeiro ano de actividade, no suposto da contratación da primeira persoa traballadora fixa, e cunha axuda entre 5.000 e 7.000 euros ata o terceiro ano de actividade, no suposto da contratación da segunda e da terceira persoa traballadora fixa
- ▶ Esta orde ten por obxectivo paliar os efectos da crise nas persoas traballadoras autónomas dinamizando o mercado de traballo e perseguindo unha mellora da calidade do emprego e das relacións laborais en Galicia.

O DOG publica a convocatoria de 225 prazas para estudantes en residencias xuvenís dependentes de Traballo e Benestar

Un total de 192 galegos poderán participar este ano no programa de voluntariado ambiental

Sumario	Política social	2-5	Informe do paro rexistrado	11
	Traballo e economía social	6-8	Xuventude e voluntariado	12-13
	Sinistrallidade laboral	8	Publicacións	14-15
	Formación e emprego	9-11	Normativa	15-24

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835

Informe do paro rexistrado

O desemprego en Galicia en xuño rexistra a maior baixada absoluta da serie histórica con 10.452 parados menos

- ▶ É a cuarta baixada consecutiva do ano, polo que o primeiro semestre reflicte un balance positivo, que o sitúa como o mellor comezo do ano desde 2007.

Política social

Galicia lidera un proxecto europeo no que participan cinco países para abordar o problema demográfico

Santiago, 11 de xuño de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou o compromiso co problema demográfico das rexións europeas que forman parte do Proxecto Symbios: Irlanda, Portugal, Países Baixos e Finlandia; todas elas con cunha dispersión poboacional que provoca exclusión territorial, é dicir, que as persoas que residen en determinadas zonas menos poboadas atopan máis dificultades para levar adiante un proxecto de vida equiparable ao das zonas urbanas.

A titular de Benestar saudou os participantes deste proxecto liderado polo departamento autonómico e que ten por obxectivo o intercambio de experiencias e prácticas na loita contra o problema demográfico e o desequilibrio territorial. Os participantes do proxecto Symbios pretenden axudar a coñecer con maior profundidade estes problemas e valorar as políticas máis axeitadas para darlles resposta.

Para a responsable de Benestar é moi importante que as administracións, institucións e entidades de distintos países da Unión Europea sexan capaces de unir as súas forzas e traballar de forma conxunta para realizar unha análise científica das dificultades destes territorios.

Beatriz Mato indicou que este proxecto conta cun orzamento de 250.000 euros cofinanciados polo Fondo Social Europeo e permite cumprir coas recomendacións da Estratexia 2020 da Unión Europea, que indica que se executen este tipo de iniciativas.

Por parte da Xunta tamén se están a levar a cabo varias iniciativas neste eido. Por exemplo, o Plan de dinamización demográfica, que aprobou o Parlamento de Galicia no pasado mes de abril, e que recolle 70 medidas específicas para intentar fomentar

a natalidade e frear o descenso de poboación que sofre Galicia.

Así mesmo, as políticas de loita contra a exclusión social son outro dos eixos da Consellería. Por iso en 2013 destinaranse máis de 35 millóns de euros para a Renda de inclusión social de Galicia, un 50% máis do orzamento inicial de 2012. Neste ano aumentouse tamén un 50% o presuposto das Axudas de emerxencia social, que pasan de 3 millóns de euros a 4,5. Tamén se blindou a contía da Orde de axudas para entidades de iniciativa social, que contará con preto de 3 millóns de euros.

Nesta xornada deuse a coñecer tamén a Rede Eusumo, unha rede de asesoramento en economía social, cuxo obxectivo fundamental é axudar á creación de novas cooperativas. A experiencia piloto desta rede tivo lugar no ano 2012, cando no marco desta iniciativa xurdiron 12 novas cooperativas en Galicia. No que levamos do 2013 xa naceron outras 9 cooperativas ao abeiro deste proxecto, de xeito que en total son 21 as cooperativas creadas, que teñen xerado 80 empregos directos.

Por último, a titular de Traballo apuntou que nos últimos meses puxéronse en marcha en toda Galicia 20 programas integrados de emprego, que están a beneficiar a máis de 2.000 persoas.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, saudou os participantes desta iniciativa que ten por obxectivo o intercambio de experiencias e prácticas na loita contra o problema demográfico e o desequilibrio territorial

<http://www.proxectosymbios.eu/>



Benestar reforzará os centros de día da zona rural e dotaraos de novos servizos de promoción e prevención de dependencia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou a nova planificación destas infraestruturas de Galicia, con horizonte 2020
- ▶ Esta redefinición derívase das conclusións dunha ferramenta realizada polo Idega, que reflicte que a demanda nestas áreas irase reducindo máis nos próximos anos e que este servizo, tal e como está concibido, non é o preferido por estes usuarios
- ▶ Establece como áreas prioritarias as zonas urbanas cunhas determinadas características de poboación
- ▶ Os centros de día son recursos de proximidade, que diminúen os seus beneficios terapéuticos se precisan dun traslado moi longo, polo que o óptimo é que estean situados en áreas de poboación con suficiente demanda

Santiago, 14 de xuño de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar reorientará os centros de día dalgúns zonas rurais co fin de reforzar os seus contidos e dotalos de novos servizos, relacionados coa promoción da autonomía e a prevención da dependencia.

Esta redefinición vén derivada das conclusións derivadas da aplicación dunha ferramenta, realizada pola USC, que detecta que nalgúns zonas rurais hai escasa demanda destas instalacións tal e como están concibidas e que, ademais, os seus usuarios potenciais van diminuír nos próximos anos ao previr a redución da poboación absoluta de maiores de 65 anos nestas zonas.

Así o explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a presentación desta ferramenta, na que estivo acompañada polo director do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega), Melchor Fernández, responsable do seu desenvolvemento.

O primeiro paso foi analizar os recursos actuais. Así, durante o estudo detectouse que as cifras de cobertura en Galicia son positivas. Galicia conta cunha ratio de cobertura de case o 1 por cento sobre os maiores de 65 anos, a cifra recomendada pola Unión Europea. A cifra sitúa a Galicia por riba de países como Suecia. Se se toman como valor os dependentes recoñecidos, Galicia dispón dunha

cobertura de preto do 12 por cento, o que a sitúa por riba das preferencias dos usuarios por este servizo, que está entre o 7 e o 8 por cento.

No estudo, tamén se tivo en conta que os centros de día son recursos de proximidade. Por esta característica, diminúen os seus beneficios terapéuticos se os traslados son excesivamente longos. Por iso, o estudo di que o óptimo é que estean situados en áreas de poboación —non teñen por que ser concellos— de máis de 10.000 habitantes. Para chegar ás infraestruturas, os usuarios non deberían precisar dun transporte superior aos 15 minutos.

O tipo de servizo (un recurso de proximidade) é un dos factores que se tivo en conta á hora de establecer a planificación, ademais das características propias da poboación como a dispersión —o 40 por cento da poboación galega habita en núcleos de menos de 500 habitantes—, o proceso de envellecemento, a evolución do número de dependentes, e as preferencias dos usuarios. Deste xeito, vaise máis alá dunha ratio por maiores de 65 anos e conseguírase actuar ligados directamente á demanda.

Con todo, a pesar dos datos totais que reflicten unha cobertura de prazas positiva, hai que ter en conta as diferenzas territoriais. Constatouse no estudo, segundo detallou Mato, que os centros de día teñen escasa demanda nalgúns zonas rurais, que non



concentran a suficiente poboación para que funcionen tal e como están concibidos. A isto hai que sumar que a preferencia por este recurso nestas zonas tamén é máis baixa.

Por iso, a Consellería procederá a reorganizar estes centros para "sacarles o 100 por cento de rendemento", con novos servizos que estarán recollidos na nova carteira de servizos de atención á dependencia, que o departamento vai aprobar proximamente.

Áreas prioritarias

Ademais da reorganización dos centros xa existentes onde hai escasa demanda, a planificación establece os parámetros fundamentais para a posta en marcha de novas prazas. As áreas prioritarias coinciden cos grandes núcleos de poboación, que se corresponden coas características óptimas que

establece a ferramenta (áreas de máis de 10.000 ou 5.000 habitantes, con traslados curtos).

Aínda que estas sexan zonas prioritarias, "non supón en ningún caso que se vaia deixar sen servizo as outras áreas", insistiu Mato, senón que "se adaptarán á demanda e, moi especialmente, as preferencias dos usuarios".

Polo tanto, redefiníranse os centros de día; usaranse outros equipamentos xa existentes nos concellos para a prestación de servizos; e impulsaranse outros recursos que son preferidos polos usuarios nestas zonas, como a axuda a domicilio, a teleasistencia, ou a prevención e a autonomía persoal.

Para rematar, Mato subliñou que esta ferramenta ten como obxectivo dar unha "atención pública eficiente e de máxima calidade para todos os galegos e galegas".

Política social

O proxecto da Lei de inclusión social, que articulará unha nova Risga, avanza na súa tramitación parlamentaria

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu esta normativa no debate da totalidade do texto
- ▶ Unha das súas principais novidades é que porá en marcha unha nova RISGA (Renda de integración social de Galicia), que pasará a ser flexible para adaptarse a cada caso
- ▶ Establecerá, por primeira vez, a compatibilidade desta prestación cos accesos parciais a determinados traballos, co fin de incentivar o acceso a un emprego
- ▶ Promoverá as sinerxias entre os servizos sociais e de emprego, co fin de dotar as persoas dun itinerario de inserción laboral coherente e único

Santiago, 25 de xuño de 2013.- O proxecto da nova Lei de inclusión social avanzou un paso máis na súa tramitación parlamentaria. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu na Cámara galega esta normativa durante o debate da totalidade do texto.

Este proxecto, que foi ratificado como un acordo do diálogo social, ten entre as súas principais novidades a posta en marcha dunha nova Renda de Integración Social de Galicia (Risga). Será flexible e modular, para adaptarse en cada caso e vincularase ao emprego, xa que a “verdadeira inclusión pasa por unha integración social e laboral

plena”, subliñou Mato. Para consensuilo, entre outras modificacións, a Risga dividirase a partir de agora en tres tramos: o persoal e familiar; o de inserción; e o de transición ao emprego.

Outra das modificacións principais da Risga que propón este texto é que esta prestación sexa por primeira vez compatible co acceso parcial a determinados traballos. O obxectivo é que as persoas non renuncien á realización dun traballo ou recorran á economía somerxida. Actualmente, cando accedían a traballos de ingresos inferiores á prestación, descontábanse estes ingresos.

Ademais, para seguir avanzando na inclusión laboral e evitar a cronificación da exclusión, vanse reforzar tamén as sinerxias entre a área de inclusión social e a de emprego para crear un itinerario de inserción “único e coherente”.

Este reforzamento dáse, fundamentalmente, por dúas vías: no que se refire á prestación, outorgarase ao beneficiario unha contía a maiores se cumpre un itinerario de inserción laboral; e, pola súa banda, as oficinas de emprego e o persoal de orientación pasarán a desempeñar un papel decisivo neste dispositivo.

Todas estas medidas tómanse, segundo explicou Mato, porque este proxecto de lei contempla os beneficiarios non como os meros perceptores dun subsidio, senón como suxeitos capaces de superar esas situacións, aos que hai que motivar, incentivar e apoiar para que o fagan.

Así, considerou que é unha lei “tan importante como necesaria: importante porque nace co obxectivo de converterse nun verdadeiro

instrumento de inserción social; e necesaria porque busca dar resposta ao incremento da vulnerabilidade social e evitar a cronificación destas situacións”.

Outro aspecto que introduce a nova normativa é a modificación das Axudas de emerxencia social (AES), que agora pasan a denominarse Axudas de inclusión social (AIS) e que financiarán outros aspectos, a maiores do que viñan facendo ata o momento. Así, ademais de sufragar situacións de grave emerxencia, financiarán tamén actuacións de acompañamento ou reforzarán medidas de apoio dos diferentes tramos da Risga.

Recordou tamén a aposta pola inclusión social, a través do incremento das partidas destinadas a este fin. Neste ano 2013 incrementouse o orzamento da Risga nun 50 por cento, ata acadar os 35,3 millóns. Destacou tamén que esta partida é ampliable. Tamén se incrementou o orzamento das AES nun 50 por cento con respecto ao ano pasado, ata os 4,5 millóns.

Benestar executa 264 medidas en favor do colectivo da discapacidade, preto do 90% das recollidas no plan específico da Xunta

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, expuxo no Parlamento as liñas de actuación do departamento autonómico no eido da discapacidade
- ▶ Destacou que o Goberno galego, pese á crise económica, blinda o orzamento destinado a este colectivo, destinando preto de 83 millóns de euros en 2013
- ▶ Para a atención social, o investimento ascende a 66 millóns e no eido laboral a 17 millóns para manter 2.700 postos de traballo
- ▶ Mato destacou das actuacións do Plan a formación de 2.300 profesionais do sistema educativo e a creación dun sistema de videointerpretación
- ▶ A titular da Consellería resaltou que o Goberno galego creou 631 prazas públicas para persoas con discapacidade, un 42 por cento máis das que había hai 4 anos

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2013.- O Goberno galego executou un total de 264 medidas concretas para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade, o que supón preto do 90 por cento das 305 actuacións recollidas no primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, desde a posta en marcha desta iniciativa pola Xunta. Así o destacou hoxe a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no Parlamento, onde explicou os principais eixos que se están a desenvolver no eido da discapacidade.

De entre as medidas postas en marcha a través deste Plan, Mato salientou a posta en marcha de novos dispositivos de apoio tecnolóxico, que permitiu a atención a máis de 1.000 persoas; a formación de máis de 2.300 profesionais do sistema educativo en materia de atención normalizadora; a creación dunha tarxeta sanitaria especial para nenos e nenas con trastornos de espectro autista, das que se expediron preto de 1.500; e a publicación do decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia, co obxectivo de facilitar o máximo desenvolvemento persoal e social dos alumnos.

Así mesmo, a titular de Benestar destacou a elaboración dun estudo sobre a discapacidade e o xénero; a revisión de 246 convenios colectivos para garantir a consideración deste binomio; e a posta en marcha dun sistema de videointerpretación para

persoas xordas a través do que xa se atenderon 1.245 chamadas.

“Os colectivos máis desfavorecidos seguen a ser a nosa aposta prioritaria”, destacou a conselleira, quen indicou que, por este motivo, e, pese á crise económica, a Xunta decidiu blindar este ano o orzamento destinado ás persoas con discapacidade. Así, estase a destinar neste eido preto de 83 millóns de euros, dos que 66 son para a atención social deste colectivo e os 17 millóns restantes para actuacións na área laboral.

Na área social, Mato explicou que se mantén o orzamento para apoiar a actividade das entidades que traballan con estas persoas, é dicir, destínanse 3 millóns de euros. Neste senso, a conselleira de Benestar apuntou que, como novidade en 2013, o reparto destas axudas fíxose dun xeito “máis xusto, solidario e estable”, tendo en conta a representatividade real da poboación con discapacidade de Galicia. Para iso, asinou un novo marco de colaboración co Comité de Entidades de representantes de Persoas con Discapacidade (Cermi).

Máis prazas públicas

Mato, ademais resaltou no eido social, a creación nos últimos 4 anos de 631 novas prazas públicas de atención á discapacidade, o que supón un 42 por cento máis con respecto a 2009; e o labor que se está a facer para a creación dunha rede autonómica de atención temperá coordinada desde a tripla perspectiva



sanitaria, educativa e dos servizos sociais.

Así mesmo, lembrou que o departamento autonómico segue a traballar na carteira de servizos sociais, que por primeira vez permitirá contar con servizos de atención específicos para os diferentes tipos de discapacidade, e na nova Lei de accesibilidade, que entrará este ano no Parlamento. Recordou que a nova normativa será “máis ampla e adaptada á realidade das novas tecnoloxías”.

Outras actuacións levadas a cabo na mellora da atención social deste colectivo son a creación da Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia; o Plan marco de atención sociosanitaria co que se pretende facer que o espazo sociosanitario sexa unha realidade en Galicia; e a utilización dun Informe social unificado co que se está a acadar a simplificación dos trámites co uso dun único formulario común para todas as áreas.

Integración laboral

Con respecto aos 17 millóns que este ano se investirán para mellorar a empregabilidade e manter 2.700 postos de traballo de persoas con discapacidade, Mato insistiu en que “o Goberno galego fixo do emprego un pilar fundamental para a integración deste colectivo ao que consideramos prioritario en todas as nosas

políticas de emprego”. Así, asegurou que en 2013 se apoiará o emprego de preto de 2.000 traballadores e traballadoras con discapacidade en 115 centros especiais de emprego. Para isto, dedicaranse preto de 8 millóns de euros. Na lexislatura anterior destináronse 38,5 millóns de euros cos que se apoiaron 9.000 empregos.

Ademais, Mato expuxo que neste ano se prevé que 300 persoas con discapacidade sexan contratadas na empresa ordinaria reforzando os incentivos e prestando “unha atención especial” ás mulleres. Así mesmo, a Xunta e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) colaborarán este ano nun programa de formación profesional e ocupacional que permitirá mellorar a empregabilidade e as posibilidades de inserción laboral dunhas 400 persoas. Mato tamén lembrou que, a través do Plan de acción integral, se realizaron 20.000 orientacións laborais e máis de 1.000 persoas recibiron formación a través dos cursos para persoas desempregadas.

En definitiva, a conselleira afirmou que o Goberno galego traballa “cun obxectivo moi claro: que as persoas con discapacidade teñan unha integración plena na sociedade”. Ao respecto concluíu asegurando que das medidas que está a poñer en marcha a Xunta se benefician de media ao ano 100.000 persoas con discapacidade e 60.000 familiares.

Benestar achega os avances TIC en materia de teleasistencia nun showroom que ten lugar en Vigo

- ▶ Consiste en tres showrooms sobre avances TIC en materia de servizos sociais que forman parte do proxecto europeo Envelhecimento + Activo
- ▶ Presentaranse os sistemas Miavizor, o de telexerontoloxía e o de atención ao maior a través da TV (SAM-TV)

Vigo, 4 de xuño de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar organiza na delegación territorial da Xunta en Vigo un showroom sobre avances TIC en materia de servizos sociais. En concreto, consistirá nunha xornada informativa/demostrativa sobre os sistemas de teleasistencia avanzada e teleprevención que está a promover.

A actividade celebrouse tamén en Santiago e na Coruña. Esta iniciativa está deseñada con carácter eminentemente práctico e demostrativo no

que as tres universidades galegas presentarán os sistemas de Miavizor, telexerontoloxía e o de atención ao maior a través da TV (SAM-TV).

Pretende ser un novo paso no achegamento e maior coñecemento destes novos sistemas por parte de profesionais do ámbito sociosanitario, das persoas maiores e das súas familias, así como dos futuros profesionais do sector. A iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar enmárcase no proxecto europeo Envelhecimento + Activo, financiado con fondos FEDER

ao abeiro da segunda convocatoria do POCTEP 2007-2013.

Os tres sistemas

A Universidade de Santiago presentará o sistema Miavizor, unha ferramenta de teleprevención sociosanitaria que permite analizar a rutina da vida diaria das persoas usuarias, xerando patróns de conduta e que, ademais, permite avisar ante situacións de alerta.

O sistema de telexerontoloxía será presentado pola Universidade da Coruña. Este sistema permite que un equipo de persoas expertas atenda calquera tipo de incidencia ou consulta, e ofrece servizos como a teleestimulación cognitiva ou a rehabilitación por vídeo.

Por último, a Universidade de Vigo será a encargada de dar a coñecer o sistema de atención ao maior a través da TV (SAM-TV). Este servizo consiste nunha plataforma de axuda á dependencia a través da televisión do fogar e mediante un sistema de administración vía web. A través desta ferramenta, o usuario benefíciase dunha serie de aplicacións, como por exemplo, un calendario de eventos con alarmas asociadas para recordatorios a través da pantalla do televisor.

Galicia vai contar con 5.760 dispositivos de teleasistencia e 200 de xeolocalización, cando en 2009 había 3.500. Isto quere dicir que en catro anos se incrementou nun 70% o número de dispositivos.

Traballo e economía social

Traballo destina preto de 4 millóns de euros para a contratación de ata o terceiro traballador por parte dos autónomos

- ▶ A orde, publicada no DOG, incentivará por primeira vez a contratación do segundo e terceiro traballador por parte dun autónomo, fronte á anterior convocatoria que só financiaba a contratación do primeiro empregado durante o primeiro ano
- ▶ As contratacións indefinidas realizadas de acordo co establecido nesta orde incentivaranse cunha axuda entre 4.000 e 6.000 euros no primeiro ano de actividade, no suposto da contratación da primeira persoa traballadora fixa, e cunha axuda entre 5.000 e 7.000 euros ata o terceiro ano de actividade, no suposto da contratación da segunda e da terceira persoa traballadora fixa
- ▶ Esta orde ten por obxectivo paliar os efectos da crise nas persoas traballadoras autónomas dinamizando o mercado de traballo e perseguindo unha mellora da calidade do emprego e das relacións laborais en Galicia

Santiago, 12 de xuño de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará preto de 4 millóns de euros para favorecer a creación de novos empregos estables e a inserción laboral de persoas en desemprego, así como para contribuir ao desenvolvemento e crecemento das pequenas unidades produtivas en Galicia.

O Diario Oficial de Galicia publica esta orde que por primeira vez incentivará a contratación indefinida de ata tres traballadores nos

tres primeiros anos de actividade das persoas autónomas ou profesionais en xeral, fronte á anterior convocatoria que só financiaba a contratación do primeiro empregado durante o primeiro ano de contratación.

Deste xeito, será subvencionable a primeira, segunda e terceira contratación indefinida inicial cando na data na que se formalice o contrato polo que se solicita a subvención non houbese unha, dous ou tres persoas traballadoras

contratadas, respectivamente, cunha relación laboral indefinida, nin se tivese contratado con carácter indefinido, con anterioridade, a outra persoa traballadora (ou dúas persoas no caso da contratación do segundo e terceiro traballador) agás que este contrato indefinido se extinguiše por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez da persoa traballadora ou por resolución durante o período de proba.

As contratacións indefinidas realizadas de acordo co establecido nesta orde, incentivaranse cunha axuda entre 4.000 e 6.000 euros no primeiro ano de actividade, no

suposto da contratación da primeira persoa traballadora fixa, e cunha axuda entre 5.000 e 7.000 euros ata o terceiro ano de actividade, no suposto da contratación da segunda e da terceira persoa traballadora fixa.

Esta orde ten por obxectivo paliar os efectos da crise nas persoas traballadoras autónomas dinamizando o mercado de traballo e perseguindo unha mellora da calidade do emprego e das relacións laborais en Galicia, unha finalidade que constitúe tamén unha das prioridades da política de emprego da Consellería de Traballo e Benestar.

<http://www.xunta.es/dog/>



Un centro de coñecemento impulsará e difundirá o impacto positivo da RSE nas pemes a través da internet

- ▶ Trátase dun proxecto enmarcado na Rede transrexional de impulso da responsabilidade social empresarial (RSE), liderado pola Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
- ▶ Esta web pretende converterse tamén nun centro de información e un elemento de difusión sobre o estado da RSE nas rexións participantes no proxecto: Galicia, Navarra, Tenerife e Vale do Minho, a nivel nacional e internacional

Santiago, 2 de xuño de 2013.- O Centro de Coñecemento e Difusión da responsabilidade social empresarial (RSE) encargárase de impulsar e difundir o impacto positivo desta materia nas empresas e, especialmente, nas pemes, a través da páxina web <http://www.netrse.org>. Trátase dun proxecto enmarcado na Rede transrexional de impulso da RSE, liderado pola Consellería de Traballo e Benestar

a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Esta web pretende converterse nun centro de información para a difusión do coñecemento e sensibilización das pemes, un punto de encontro para o fomento e a participación dando protagonismo a pequenas empresas con interese nesta materia e un elemento de difusión sobre o estado da RSE nas rexións participantes no proxecto:

Galicia, Navarra, Tenerife e Vale do Minho, a nivel nacional e internacional.

Así mesmo, persegue crear e formalizar unha rede de empresas, co apoio das administracións, para a posta en común de experiencias, metodoloxías e ferramentas neste eido; recompilar puntos de vista e

información das pemes para identificar necesidades e recursos de RSE, así como axudas e servizos de asesoramento; e ser un referente na difusión e transferencia de boas prácticas nas súas tres dimensións: económica, social e ambiental.

<http://www.netrse.org/>



O programa europeo 'Coopera+' articula medidas para fomentar as cooperativas e a súa consolidación na Eurorrexión

- ▶ O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou nunha xornada técnica enmarcada na 36ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia
- ▶ Entre os resultados acadados neste anos cómpre destacar a realización dun estudo de boas prácticas sobre o emprego cooperativo, que consta de 34 exemplos inspiradores
- ▶ A Bolsa de emprego cooperativo pretende poñer en contacto a ofertantes e demandantes de emprego no sector

Silleda (Pontevedra), 13 de xuño de 2013.- O programa europeo 'Coopera+' ten por obxectivo articular medidas que contribúan ao fomento das cooperativas e á súa consolidación na Eurorrexión, co fin de xerar máis e mellores empregos en Galicia-Norte de Portugal.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou nunha xornada técnica enmarcada na 36ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia, dentro do 17º Salón de Alimentación del Atlántico, SALIMAT 2013, no recinto feiral de Silleda (Pontevedra). Aquí, repasáronse os obxectivos acadados ata agora por este proxecto que naceu en 2011.

Esta iniciativa persegue promover o sector da economía social en todo o territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e impulsar a súa presenza destacada nel, dando prioridade ás accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.

O programa está promovido pola Dirección Xeral de Traballo e

Economía Social, xunto con outros catro socios: a Associação de Desenvolvemento da Região do Alto Tâmega, a Câmara de Comercio de Viana do Castelo e a Universidade Católica Portuguesa.

Entre os resultados acadados neste anos cómpre destacar a realización dun estudo de boas prácticas sobre o emprego cooperativo, que consta de 34 exemplos inspiradores que mostran a capacidade de xeración de emprego das cooperativas, así como a súa vertente social e de apoio ao desenvolvemento sustentable dos territorios.

Así mesmo, neste estudo analízanse nove casos de éxito de cooperativas de Eurorrexión con diversas áreas de actuación. Entre as cuestións ás que presta especial atención destaca a idea que leva a creación, a súa consolidación, os factores de adaptabilidade, os problemas aos que se enfronta ou os plans de futuro, entre outros.

O Estudo de prospección de necesidades e potencialidades do

emprego cooperativo analiza a situación do ecosistema cooperativista, realizando un diagnóstico da situación actual e indicando os trazos que deben rexer nas políticas de apoio á creación de emprego e fomento da actividade económica a través deste eido. Inclúe as principais bondades e algunhas experiencias de éxito, así como algunhas iniciativas fracasadas e as causas disto.

Pola súa banda, o Directorio de axentes intermedios ten por obxectivo identificar os axentes de relevancia presentes na Eurorrexión para dispoñer dun mapa xeográfico de recursos que aglutine as entidades que prestan servizos de asesoramento. Inclúe contactos dos axentes cooperativos encargados de promover o emprendemento e a economía social no territorio.

Bolsa de emprego cooperativo

Ao abeiro deste proxecto, tamén se creou a Bolsa de emprego cooperativo que pretende poñer en contacto a ofertantes e demandantes de emprego no sector. Ten catro funcionalidades básicas: a de engadir currículo, a de consultar os procedementos abertos onde se precise persoal, a de colgar ofertas de emprego e a de consultar os perfís dispoñibles dos solicitantes.

O director xeral destacou tamén que o repositorio virtual para

a dinamización do emprego cooperativo é unha ferramenta virtual destinada aos usuarios das cooperativas que contén datos básicos e estatísticas, lexislación, lecturas del sector de España y Portugal, publicacións sobre o cooperativismo na Eurorrexión, un catálogo de ideas ou un estudo de comercialización e internacionalización.

Por último, o Catálogo web de produtos e servizos cooperativos recolle toda a información relativa aos produtos e servizos ofertados pola cooperativas da Eurorrexión adheridas ao portal. Ten unha función informativa, permite a valoración dos produtos, conta cunha zona de pedidos e permite a xeolocalización das cooperativas participantes.

O Consello Galego de Cooperativas participa na Semana Verde de Silleda (Pontevedra). Esta participación servirá para impulsar as relacións institucionais das cooperativas e mellorar a promoción e comercialización dos seus produtos e servizos.

Neste stand institucional participarán tamén diversas sociedades representativas do sector cooperativo galego. Igualmente, contarase cun apartado específico dedicado á Rede Eusumo, concentrado especialmente no apoio á creación de emprego e ao impulso dos servizos de información e asesoramento.

<http://www.cooperamais.org/index.php/es/>



<http://www.cooperativasdeg Galicia.com/>



Traballo e economía social

O ISSGA presenta o Plan de prevención de riscos laborais da Xunta nunhas xornadas sobre saúde laboral celebradas en Madrid

► A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, participou nunha mesa redonda sobre os plans autonómicos en saúde laboral e prevención de riscos laborais, xunto con representantes das Comunidades de Madrid, Castela e León e Castela-A Mancha.

► Esta mesa redonda enmárcase nas 'XV Xornadas de Saúde Laboral e Prevención de Riscos', organizada pola Sociedade Castellá de Medicina e Seguridade no Traballo.

► O obxectivo da xornada é dar resposta ás actuais demandas de información científica sobre a medicina e seguridade no traballo e constituir un foro de reflexión e debate para actualizar os coñecementos e valorar propostas de futuro.

Madrid, 20 de xuño de 2013.- A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, presentou en Madrid o Plan de actuación en materia de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia, concretado no desenvolvemento do Plan de actividades do Issga para o 2013 e no Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.

Quinzá-Torroja participou nunha mesa redonda sobre os Plans autonómicos nesta materia, xunto con representantes de Madrid, Castela e León e Castela-A Mancha.

Esta mesa redonda enmárcase nas 'XV Xornadas de Saúde Laboral e Prevención de Riscos', organizada pola Sociedade Castellá de Medicina e Seguridade no Traballo, que baixo o título

'Actualización, Innovación e Retos de Futuro' tivo lugar na sede do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo en Madrid.

No marco destas xornadas tamén tiveron lugar unha mesa redonda sobre os programas de promoción e prevención en vixilancia da saúde laboral e dous paneis de expertos sobre a actualización, innovación e retos de futuro en prevención de riscos laborais e sobre a xestión da prevención e planificación da actividade preventiva. Nesta última participaron profesionais procedentes do ámbito sanitario e da prevención de riscos, tanto da actividade privada como da institucional, altamente cualificados e cunha dilatada traxectoria profesional.

O obxectivo da xornada é dar resposta ás actuais demandas

de información científica sobre a medicina e seguridade no traballo e constituir un foro de reflexión e debate para actualizar os coñecementos e valorar as propostas de futuro sobre a saúde laboral e a prevención de riscos, así como establecer vías de intercambio de coñecementos.

Os cambios producidos nas tres últimas décadas nos procesos industriais, a aparición de novos elementos e substancias que repercuten na saúde laboral e os cambios económicos e demográficos construíron un novo escenario para a prevención de riscos laborais e a saúde laboral, que require un esforzo de comunicación, apoio e participación de todos os actores que interveñen na prevención.

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 13,68% no mes de maio

► Neste mes rexistráronse 1.742 accidentes fronte aos 2.018 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior dos que 1.703 foron accidentes leves, 35 graves e 4 mortais.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2013.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en maio de 2013 diminuíu un 13,68%. Neste mes rexistráronse 1.742 accidentes fronte aos 2.018 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.703

foron accidentes leves, 35 graves e 4 mortais.

Decrecearon os accidentes en todos os sectores: na construción nun 40,66%, na pesca nun 16,96%, na agricultura nun 10,42%, na industria nun 8,33% e nos servizos nun 7,13%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral,

utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, mingou un 13,55% en maio deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, a maior diminución foi na construción co 29,74%, na pesca do 12,91%, nos servizos foi do 10,02%, na agricultura

do 5,50% e na industria do 4,12%.

Doutra banda, a sinistralidade laboral diminuíu un 9,31% nos primeiros cinco meses do ano, cun total de 9.225 accidentes laborais fronte aos 10.172 no mesmo período do ano 2012.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 14,01% en Pontevedra, do 8,40% na Coruña, nun 5,65% en Ourense, e do 0,86% en Lugo.

http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/accidentes/norma_0004.html

Formación e emprego

As convocatorias de certificados de profesionalidade de traballo permiten a 2.600 galegos acreditar a súa experiencia laboral

► A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu en Santiago a entrega das acreditacións oficiais de atención sociosanitaria e confección e mantemento de artes e aparellos.

► A titular do departamento autonómico destacou que "Galicia atópase á cabeza da formación certificable entre todas as autonomías".

► No acto entregáronse os certificados de profesionalidade a 780 galegos.

► Indicou que en 2013 practicamente o 100 por cento das actividades formativas que se están a financiar desde a Consellería están ligadas á obtención dun destes certificados con validez estatal.

Santiago, 21 de xuño de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar impulsou desde o ano 2011 catro convocatorias para que os traballadores e traballadoras galegos e galegas poidan acreditar a súa experiencia laboral. Esta iniciativa permitiu xa acadar estes certificados de profesionalidade, que contan con validez estatal, a 2.600 galegos, dos que 780 o recibiron nun acto en Santiago que presidiu a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato. En concreto, entregáronse 368 certificados de atención sociosanitaria no domicilio e 362 en institucións, así como 50 en confección e mantemento de artes e aparellos.

Mato avanzou que o departamento autonómico xa está a traballar na quinta convocatoria desta actuación que se publicará nos próximos meses. "É unha necesidade e un acto de xustiza poñer en marcha un procedemento de avaliación da experiencia profesional que ofrezca unha resposta axeitada a estes traballadores", apuntou Mato, ao tempo que lembrou que estes certificados oficiais non só confirman a profesionalidade dos traballadores galegos, senón que tamén melloran o currículo e as posibilidades de acceder a un posto de traballo.

Así mesmo, a conselleira apuntou que Galicia se atopa "á cabeza" da formación certificable. De feito, en 2011, e segundo recordou Mato, a Comunidade converteuse nunha das rexións pioneiras en impulsar este procedemento de recoñecemento da competencia

profesional. Ata o momento, nas catro primeiras convocatorias levadas a cabo, foron admitidos e seleccionados neste proceso preto de 5.000 traballadores. O 85 por cento dos que se presentaron á fase de asesoramento e avaliación conseguiron o certificado completo.

Ademais, máis de 30.000 galegos recibiron formación certificable nos últimos catro anos e neste ano practicamente o 100 por cento das actividades formativas que se están a financiar desde a Consellería están ligadas á obtención dun destes certificados. Neste senso, a titular de Traballo sinalou que os cursos de formación para persoas desempregadas contan cun orzamento de máis de 40 millóns de euros dos que se poderán beneficiar 14.000 persoas. Por último, Mato referiuse a que a formación que se está impartir non só é de "máxima calidade", senón que está orientada ás demandas reais do mercado laboral actual, dando prioridade ás familias profesionais e especialidades que constitúen xacementos de emprego.



http://traballo.xunta.es/portada-certificados-de-profesionalidadenorma_0004.html

Formación e emprego

Traballo investirá 750.000 euros en axudas á contratación e formación de 300 mozos e mozas galegos menores de 30 anos

- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria do programa Forcon dirixido a persoas desempregadas con baixa cualificación
- O obxectivo desta liña de subvencións, consensuada no marco do diálogo social, é que os mozos e mozas sexan contratados nos sectores estratéxicos de Galicia
- O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro
- As contratacións incentivaránse con axudas de 2.500 euros

Santiago, 4 de xuño de 2013.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria de axudas para a formación e contratación de mozos e mozas galegos e galegas menores de 30 anos que contén unha baixa cualificación. Trátase do programa Forcon no que o departamento autonómico investirá este ano 750.000 euros, unha contía coa que prevé beneficiar a un total de 300 persoas desempregadas.

Trátase dun programa que a Xunta puxo en marcha o ano pasado de forma pioneira na Comunidade autónoma que se basea en dúas fases: unha formativa e outra de emprego. As contratacións

temporais incentivaránse cunha axuda de 2.500 euros, así como tamén as transformacións en indefinidos dos contratos temporais.

O prazo para presentar as solicitudes para optar a estes incentivos á contratación rematará o próximo 30 de setembro. Serán subvencionables as contratacións temporais que se formalicen desde o 1 de outubro de 2012 ata o 30 de setembro de 2013. As solicitudes de axudas polas contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2012 e hoxe deberán presentarse no prazo de dous meses.

Para a presentación de solicitudes, as persoas ou entidades

beneficiarias poderán contar co asesoramento dos axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo e Benestar.

Os mozos e mozas que poden ser contratados a través deste programa serán aqueles que tendo 30 ou menos anos de idade estean inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e non tivesen cualificación profesional á data de inicio da súa participación como alumno ou alumna na etapa formativa do programa Forcon.

Ademais desta iniciativa, é preciso lembrar que a Consellería de Traballo e Benestar está a promover a contratación por parte de empresas de mozos e mozas desempregados menores de 30 anos a través doutra actuación diferente á de Forcon. Neste caso, o departamento autonómico financia a formación dos mozos. Neste senso, a Consellería asinou a semana pasada os 30 primeiros contratos de formación que financia o departamento co fin de mellorar a empregabilidade de mozos e mozas desempregados menores de 30 anos.

<http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130508/>



Traballo incrementa nun 35% o orzamento dos plans integrados de emprego ata os 2,6 millóns, que beneficiarán a 2.700 persoas

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou en Cabanas aos alumnos que forman parte do 'Plan Artabria Emprega'
- Esta iniciativa ofrece a 94 persoas desempregadas dos concellos de Cabanas, Fene, Neda, Mugar dos e Pontevedra unha oportunidade para mellorar a súa empregabilidade e acadar a inserción laboral
- Mato destacou que o obxectivo do programa é lograr que, como mínimo, se inserten no mercado laboral o 35 por cento dos participantes e resaltou que neste caso un total de 20 persoas xa atoparon un posto de traballo
- Os plans integrados de emprego crean un itinerario integral de inserción combinando diversas accións como información, orientación, asesoramento, formación, práctica laboral e a intermediación coas empresas

Cabanas, 7 de xuño de 2013.-

A Consellería de Traballo e Benestar incrementará este ano o orzamento destinado aos plans integrados de emprego, que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas sen un posto de traballo, coa finalidade última de que poidan acadar a inserción laboral.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, anunciou en Cabanas, onde visitou aos alumnos do 'Plan Artabria Emprega', que esta actuación contará en Galicia cun orzamento final de 2,6 millóns de euros, o que permitirá beneficiar a 2.700 persoas. Esta cifra supón un 35 por cento máis de presuposto que en

2012. Deste xeito, explicou que este ano, nunha primeira convocatoria, se destinaron preto de 2 millóns de euros a esta iniciativa e que proximamente esta cantidade ampliarase ata chegar aos 2,6 millóns de euros.

Con respecto ao 'Plan Artabria Emprega', Mato destacou que este plan integrado de emprego ofrece a 94 persoas desempregadas dos concellos de Cabanas, Fene, Neda, Mugar dos e Pontevedra unha oportunidade para mellorar a súa empregabilidade e acadar a inserción laboral. Ao respecto, resaltou que na actualidade 20 participantes neste programa xa acadaron un posto de traballo, xa que explicou que esta acción pretende crear un itinerario integral de inserción combinando información, orientación, formación, práctica laboral e intermediación coas empresas. En xeral,

o obxectivo mínimo dos plans integrados de emprego é que un 35 por cento dos seus participantes acaden a inserción laboral.

A esta actuación, que se desenvolve en colaboración cos concellos, estanse a destinar 130.000 euros dos que o 90 por cento son achegados pola Consellería de Traballo.

A conselleira, así mesmo, indicou que os plans integrados de emprego están especialmente deseñados para axudar a aquelas persoas que están a atopar maiores dificultades para conseguir un traballo. Con respecto a este colectivo, lembrou que son prioritarios en todos os programas de emprego: persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, as mulleres, os menores de 30 anos, os desempregados de longa duración e os inmigrantes.

Informe do paro rexistrado

O desemprego en Galicia en xuño rexistra a maior baixada absoluta da serie histórica con 10.452 parados menos

Santiago, 2 de xullo de 2013.- Galicia rexistrou no mes de xuño un descenso do desemprego de 10.452 persoas, o que supón en termos relativos unha baixada do 3,68 por cento. Esta cifra constitúe o mellor dato absoluto da serie histórica, isto é, é o mellor mes de xuño desde 1996.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que se trata dun dato positivo, aínda que apelou á prudencia antes de facer valoracións sobre a posibilidade dun cambio de tendencia.

Trátase da cuarta baixada consecutiva do ano, polo que o primeiro semestre reflicte un balance positivo, que o sitúa como o mellor comezo do ano desde 2007. Salientou tamén que esta comunidade autónoma presenta un mellor comportamento que a media do Estado, tanto a nivel

mensual como interanual.

En España, o desemprego baixou en 127.248 persoas, un 2,60 por cento, ata situarse nos 4.763.680 parados. Polo tanto, a baixada porcentual de Galicia (-3,68%) neste mes é un punto superior á media estatal.

A nivel interanual, o incremento galego foi dun 1,57 por cento, fronte ao 3,22 do Estado. Polo tanto, a evolución de xuño a xuño en Galicia é a metade da que se rexistrou na media de España. Cabe destacar que é a mellor evolución interanual desde 2007, cando se vivía unha época de bonanza económica.



Por comunidades autónomas, Galicia é a cuarta na que máis baixa o paro en termos absolutos a nivel mensual. A nivel interanual, Galicia é a quinta comunidade autónoma na que menos

sube o desemprego, tan só superada por rexións turísticas como Baleares, Canarias ou Valencia.

En referencia aos sectores de actividade, o principal descenso concéntrase nos servizos (-7.223), seguida da construción (-1.281); a industria (-902); o colectivo sen emprego anterior (-726) e a agricultura e a pesca (-320).

Por provincias, o paro baixou en todas elas, sendo Pontevedra na que máis diminúe (-4.536), seguida pola Coruña (-3.780); Ourense (-1.260); e Lugo (-876).

En canto aos contratos, no mes de xuño rexistráronse en Galicia un total de 59.745 contratos, 3.444 contratos máis que no mes anterior. Deste total, 3.951 foron indefinidos (6,61 por cento) e 55.794 temporais (93,39%).



O DOG publica a convocatoria de 225 prazas para estudantes en residencias xuvenís dependentes de Traballo e Benestar

- ▶ As 225 prazas son en réxime de internado, e inclúen os servizos de aloxamento e manutención, ademais doutros servizos complementarios, coma aula de estudo, biblioteca, salas de xogos e actividades culturais e deportivas, entre outras
- ▶ O 9% das prazas resérvase para mozos e mozas traballadores, tanto por conta allea como propia
- ▶ O período máximo de estadia das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido entre o 1 de setembro de 2013 e o 31 de xullo de 2014
- ▶ O prazo de presentación das solicitudes é de 15 días hábiles e os interesados poderán atopar toda a información en <http://xuventude.xunta.es>

Santiago, 27 de xuño de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2013/2014, en réxime de internado. Son en total 225 prazas: 76 no centro residencial xuvenil "Lug" en Lugo, 55 na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense e 94 na residencia xuvenil Altamar de Vigo. Do total das prazas, un 9% resérvase para mozos e mozas traballadores, tanto por conta allea como por conta propia.

O departamento autonómico, a través Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, desenvolve o programa de fomento da actividade xuvenil, para o que dispón dunha serie de instalacións, entre as que se atopan as residencias xuvenís, que todos os cursos académicos se poñen a disposición dos mozos e mozas estudantes e nas que se ofrecen aloxamento, manutención e unha serie de servizos e

actividades convencionais e educativas complementarias, intentando deste xeito fomentar os valores culturais, sociais e deportivos entre a xuventude.

As 225 prazas son en réxime de internado, e inclúen os servizos de aloxamento e manutención, ademais doutros servizos complementarios, coma aula de estudo, biblioteca, salas de xogos e actividades culturais e deportivas, entre outras.

O período máximo de estadia das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido entre o 1 de setembro de 2013 e o 31 de xullo de 2014, e a cota mensual por cada estudante residente será de 324 euros por mes.

Poderán optar ás prazas os mozos e as mozas que reúnan os seguintes requisitos: ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30, na data do 31 de decembro de 2013; posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser

estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza; e non ter perdido a condición de residente por causa imputable a persoa solicitante.

No caso dos estudantes son requisitos específicos cursar ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente ou ben, mentres nos se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas; e que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos que o solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima esixida para o ingreso nas

facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.

No caso das prazas reservadas para mozos e mozas traballadores, os requisitos específicos son: que o lugar de traballo radique en provincia distinta ao lugar da residencia familiar; no caso dunha relación laboral non fixa ou indefinida, a relación laboral debe ter unha duración mínima de 9 meses e no caso de traballadores por conta propia a alta no réxime de autónomos da Seguridade Social debe ter unha antelación mínima de 3 meses.

Para a adxudicación de prazas os baremos xenéricos son a antigüidade na residencia; a renda da unidade familiar; a situación de familia numerosa; as condicións de orfandade e discapacidade; a residencia, segundo sexa dentro ou fóra de Galicia. No caso de mulleres, estar embarazadas, ser vítimas de violencia de xénero e outras circunstancias sociofamiliares.

<http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130508/>



<http://xuventude.xunta.es/>



Un total de 192 galegos poderán participar este ano no programa de voluntariado ambiental da Xunta

- ▶ As actividades celebraranse este ano nas comarcas de Santiago, Allariz-Maceda, Celanova, O Salnés, Verín e Terra de Lemos nos meses de xullo e agosto
- ▶ Os voluntarios recibirán unha formación inicial e participarán en actuacións de vixilancia ambiental, de control de especies invasoras e labores de limpeza, entre outras
- ▶ O prazo de inscrición xa está aberto e as solicitudes poden presentarse a través da web www.voluntariadogalego.org

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2013.- A Xunta de Galicia convoca por quinto ano consecutivo o programa de voluntariado ambiental a través do que este ano se ofertan un total de 192 prazas para que os galegos e galegas interesados/as en colaborar co coidado do medio ambiente poidan desenvolver diferentes actividades, como son vixilancia ambiental, control de especies invasoras que poden aumentar o risco de incendio ou labores de limpeza

e rozadura de devasas.

O programa desenvolverase este ano nas comarcas de Santiago, Allariz-Maceda, Celanova, O Salnés, Verín e Terra de Lemos. O prazo de inscrición xa está aberto, así que os interesados xa poden presentar a súa solicitude a través da web www.voluntariadogalego.org.

Realizaranse 24 quedas de cinco días. As actividades están concibidas como se dun campo de traballo se tratase, no que en grupos de 8 persoas, xunto cun

monitor, levará a cabo as diferentes actividades de sensibilización e información sobre a necesidade de coidado e preservación da masa forestal.

Os obxectivos desta iniciativa, que promoven conxuntamente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a de Montes, é impulsar entre a cidadanía unha campaña de sensibilización e información no coidado do medio ambiente, colaborar na vixilancia dos montes galegos, reforzar a idea da necesidade de conservar os recursos forestais e fomentar unha actitude de prevención de riscos contra incendios.

Os participantes tamén poderán colaborar na restauración de áreas incendiadas, localizar vertedoiros incontrolados, axudar na limpeza e caracterización de tramos fluviais, facer unha campaña de sensibilización sobre a

importancia da conservación da masa forestal ou realizar actividades culturais vinculadas cos montes. Os voluntarios, antes do inicio das actividades, recibirán formación e durante toda a quenda estarán acompañados por monitores especializados na materia. O programa inclúe para os participantes o aloxamento, a pensión completa e un seguro de accidentes e de responsabilidade civil. Poden participar as persoas maiores de idade e tamén mozos e mozas de 16 e 17 anos que conten con autorización.

Ao remate das actividades, os voluntarios obterán por parte da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado que acreditará a súa acción voluntaria e será inscrito como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

Voluntariado Galego.org

ORDE DE AXUDAS PROGRAMA VOLUNTARIADO XUVENIL 2013

PUNTO DE ENCONTRO

temos un plan

Novas

(23-06-2013)

VOLUNTARIADO AMBIENTAL PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS 2013

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Un total de 192 galegos poderán participar este ano no programa de voluntariado ambiental da Xunta

As actividades celebraranse este ano nas comarcas de Santiago, Allariz-Maceda, Celanova, O Salnés, Verín e Terra de Lemos nos meses de xullo e agosto

Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar maio 2013, nº 86

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BIT_05_2013.pdf




Folla de prevención

Publicación periódica de carácter irregular na que distintos profesionais tratan aspectos monográficos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(núms. 36 e 38)

Acceso galego e castelán:

http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_7mMF&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_7mMF_



Sinistralidade laboral. Galicia, 2012

Monografía dedicada á estatística descriptiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2012

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Anuario_Sinistralidade_2012.pdf



Tendencias do Emprego en Galicia 2012

Publicación de periodicidade trimestral que analiza as tendencias do mercado de traballo en Galicia e dá a coñecer os indicadores que serán útiles para os encargados da elaboración das políticas públicas orientadas á mellora do emprego.

Para a súa elaboración utilízanse 3 fontes estatísticas primarias: Rexistros administrativos (Seguridade Social e Servizo Público de Emprego) e Enquisa de Poboación Activa (EPA) e outras tantas secundarias que reproducen, a partir de calquera das fontes primarias, datos elaborados por institucións públicas e privadas que realizan análises periódicas de conxuntura.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Tendencias_do_Emprego_en_Galicia_4x_trimestre.pdf



Estatística de familias numerosas

Operación estatística extraída da información facilitada polos propios interesados sobre outorgamento ou renovación dos títulos de familia numerosa entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso. Informa así mesmo, sobre a normativa aplicable e os requisitos que se deberán cumprir para o recoñecemento da condición de familia numerosa.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Fam_numerosas_2012.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- Campamentos de verán para persoas con discapacidade 2013
- Estatística de familias numerosas. 2002
- BITeB, nº 86 xuño 2013
- Prevención fronte aos riscos no sector agroforestal
- Tendencias do emprego en Galicia. 4º trimestre 2012
- Riesgos y medidas preventivas en las artes de pesca de Galicia
- Manual do alumno. Prevención de danos musculoesqueléticos nas traballadoras do mar
- Curso de preparación para a xubilación
- Xuventude Crea. Premios 2012
- Voluntariado ambiental para a prevención e defensa contra os incendios forestais

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>



DOG

- Orde do 15 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 104, do 03.06.2013).
- Resolución do 24 de maio de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 104, do 03.06.2013).
- Orde do 27 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á formación e contratación -programa Forcon-, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 105, do 04.06.2013).

DOG

- Orde do 24 de maio de 2013 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2013/2014, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 107, do 06.06.2013).
- Orde do 28 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 107, do 06.06.2013).
- Orde do 29 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 107, do 06.06.2013).
- Orde do 3 de xuño de 2013 pola que se convoca o programa Xuventude Crea. (DOG nº 108, do 07.06.2013).
- Orde do 3 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2013. (DOG nº 109, do 10.06.2013).
- Orde do 4 de xuño de 2013 pola que se actualizan os prezos públicos determinados no Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre. (DOG nº 109, do 10.06.2013).
- Decreto 86/2013, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 39/2013, do 21 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. (DOG nº 110, do 11.06.2013).
- Orde do 3 de xuño de 2013 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2013. (DOG nº 110, do 11.06.2013).
- Orde do 6 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 111, do 12.06.2013).
- Orde do 10 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas, das entidades asociativas de centros especiais de emprego e das entidades asociativas de empresas de inserción laboral, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 116, do 19.06.2013).
- Orde do 11 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 116, do 19.06.2013).
- Resolución do 10 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan para o ano 2013 as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013. (DOG nº 117, do 20.06.2013).

- Orde do 11 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 117, do 20.06.2013).
- Resolución do 10 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan para o ano 2013 as axudas do programa Emega para fomento do emprendemento feminino, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE). (DOG nº 118, do 21.06.2013).
- Resolución do 14 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 118, do 21.06.2013).
- Orde do 19 de xuño de 2013 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2013/14. (DOG nº 121, do 27.06.2013).

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Resolución de 22 de mayo de 2013, de la Presidencia del Parlamento de Andalucía, por la que se ordena la publicación del acuerdo de convalidación del Decreto-ley 7/2013, de 30 de abril, de medidas extraordinarias y urgentes para la lucha contra la exclusión social en Andalucía. (BOJA de 04.06.2013)
- Resolución de 3 de junio de 2013, de la Secretaría General de Salud Pública, Inclusión Social y Calidad de Vida, por la que se convocan subvenciones para la realización de programas de intervención temprana a menores con trastornos en el desarrollo o con riesgo de padecerlos,
- Orden de 14 de junio de 2013, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones por el Instituto Andaluz de la Mujer en régimen de concurrencia no competitiva, a ayuntamientos, mancomunidades de municipios y consorcios para el desarrollo del Programa Unidades de Empleo de Mujeres (UNEM), y se efectúa su convocatoria para 2013. (BOJA de 24.06.2013)
- Corrección de erratas de la Orden de 17 de mayo de 2013, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, por el Instituto Andaluz de la Juventud a entidades locales andaluzas para la realización de actuaciones en materia de juventud, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013 (BOJA núm. 101, de 27.5.2013). (BOJA de 25.06.2013)

Aragón

- Resolución de 22 de mayo de 2013, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de la Juventud, por la que se hace pública la convocatoria para la cobertura de plazas en las Residencias Juveniles del Gobierno de Aragón, para el curso escolar 2013/2014. (BOA de 06.06.2013)
- Orden de 29 de abril de 2013, del

Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, de Desarrollo del Servicio de Ayuda a Domicilio y del Servicio de Teleasistencia. (BOA de 07.06.2013)

- Corrección de errores del Decreto 70/2013, de 30 de abril, del Gobierno de Aragón, por el que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la creación, consolidación y mejora del empleo y de la competitividad en cooperativas y sociedades laborales. (BOA de 11.06.2013)
- Orden de 22 de mayo de 2013, del Consejero de Economía y Empleo y del Consejero de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se aprueban las bases reguladoras y se hace pública la convocatoria de subvenciones para el año 2013 y 2014 del programa de Innovación para la Inclusión Social en el marco del programa operativo del Fondo Social Europeo. (BOA de 11.06.2013)
- Orden de 24 de mayo de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas para la ejecución de planes de formación dirigidos prioritariamente a los trabajadores ocupados del Plan de Formación para el Empleo de Aragón correspondiente al año 2013. (BOA de 12.06.2013)
- Orden de 27 de mayo de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para el año 2013 las subvenciones reguladas en el Decreto 70/2013, de 30 de abril, del Gobierno de Aragón, por el que aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la creación, consolidación y mejora del empleo y de la competitividad en cooperativas y sociedades laborales. (BOA de 12.06.2013)
- Orden de 30 de mayo de 2013, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan las subvenciones otorgadas por el Instituto Aragonés de Empleo para la realización del Programa Integral para la Mejora de la Empleabilidad y la Inserción. (BOA de 21.06.2013)

- Orden de 30 de mayo de 2013 del Consejero de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas destinadas a la realización de acciones de investigación e innovación, en el marco de las acciones de apoyo y acompañamiento a la formación, en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 24.06.2013)

Asturias

- Resolución de 3 de junio de 2013, del Presidente del Instituto de Desarrollo Económico del Principado de Asturias, por la que se convocan subvenciones a la creación de empleo ligada a proyectos de inversión de especial interés para la Comunidad Autónoma del Principado de Asturias para el ejercicio 2013. (BOPA de 12.06.2013)
- Decreto 28/2013, de 5 de junio, de primera modificación del Decreto 144/2010, de 24 de noviembre, por el que se establecen los precios públicos correspondientes a determinados servicios sociales especializados. (BOPA de 13.06.2013)
- Resolución de 3 de junio de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se aprueba, en régimen de concurrencia competitiva, la convocatoria pública de concesión de subvenciones a asociaciones-secciones juveniles y entidades prestadoras de servicios a la juventud para la realización de diversos programas durante 2013. (BOPA de 13.06.2013)
- Resolución de 3 de junio de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se aprueba, en régimen de concurrencia competitiva, la convocatoria pública de concesión de subvenciones a asociaciones-secciones juveniles y entidades prestadoras de servicios a la juventud para la realización de acciones conducentes a la promoción de la emancipación juvenil (empleo y vivienda) durante 2013. (BOPA de 13.06.2013)
- Resolución de 6 de junio de 2013, del Instituto Asturiano de Prevención de

NORMATIVA CCAA

Riesgos Laborales, por la que se convocan subvenciones para actuaciones de interés en materia de seguridad y salud laboral y se aprueba el gasto correspondiente. (BOPA de 14.06.2013)

- Resolución de 10 de mayo de 2013, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueban las bases reguladoras de la convocatoria pública de ayudas del Principado de Asturias destinadas al alquiler de viviendas de personas en situación de necesidad social. (BOPA de 17.06.2013)

- Resolución de 6 de junio de 2013, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueba la convocatoria pública de ayudas del Principado de Asturias destinadas a los gastos de alquiler de viviendas de personas en situación de necesidad social. (BOPA de 17.06.2013)

- Resolución de 3 de junio de 2013, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueba el Plan de Inspección de Centros y Servicios Sociales del Principado de Asturias para el año 2013. (BOPA de 20.06.2013)

- Resolución de 23 de mayo de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a asociaciones de mujeres y otras entidades para la realización de programas relacionados con la consecución del principio de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres. (BOPA de 2.06.2013)

- Resolución de 14 de junio de 2013, de la Consejería de Presidencia, por la que se autoriza el gasto y se aprueba la convocatoria pública de subvenciones a asociaciones de mujeres y otras entidades para la realización de programas relacionados con la consecución del principio de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres en el ámbito del empleo, de la atención directa a mujeres de colectivos especialmente vulnerables y del deporte para el ejercicio 2013. (BOPA de 21.06.2013)

- Resolución de 14 de junio de 2013, de

la Consejería de Presidencia, por la que se autoriza el gasto y se aprueba la convocatoria pública de subvenciones a asociaciones de mujeres para el apoyo al movimiento asociativo en el desarrollo de programas y actividades dirigidas a potenciar la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres para el ejercicio 2013. (BOPA de 21.06.2013)

- Resolución de 13 de junio de 2013, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones para la realización de programas de acompañamiento para el empleo en el período 2013/2014. (BOPA de 21.06.2013)

- Resolución de 13 de junio de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se convoca el Programa “Jovenllanos” de ayudas para la incorporación y movilidad de titulados universitarios para el desarrollo de actividades I+D+i en empresas del Principado de Asturias durante el período 2013-2014. (BOPA de 22.06.2013)

